

Normativa do Plan de acción titorial (PAT) da Universidade da Coruña (UDC)

Aprobada polo Consello de Goberno do 20 de decembro de 2023

Contidos

Exposición de motivos	2
1. Obxectivos do PAT	3
Artigo 1. Obxectivo principal do PAT	3
Artigo 2. Obxectivos do PAT	3
2. Estrutura do PAT da UDC.....	4
Artigo 3. Figuras institucionais do PAT da UDC	4
2.1. Coordinación	4
Artigo 4. Coordinación xeral do PAT na UDC	4
Artigo 5. Coordinación do PAT nos centros da UDC	5
2.2. Titoría	6
Artigo 6. Profesorado titor nos centros da UDC	6
Artigo 7. Estudantado titorizado	7
2.3. Atención á diversidade.....	7
Artigo 8. Profesorado titor de atención á diversidade nos centros da UDC	7
2.4. Mentoría institucional.....	8
Artigo 9. Características da mentoría institucional do PAT da UDC	8
Artigo 10. Estudantado mentor das titulacións de grao da UDC.....	8
3. Implantación do PAT nos centros.....	9
Artigo 11. PAT dos centros	9
Artigo 12. Calendario de actividades	10
Artigo 13. Elementos institucionais do PAT da UDC	10
Artigo 14. Implantación da titoría e da titoría de atención á diversidade	10
Artigo 15. Implantación da mentoría institucional	11
Artigo 16. Espazo web do PAT do centro	12
Artigo 17. Información accesible para o estudantado	12
Artigo 18. Obrigas dos centros	12
4. Xestión do PAT.....	12
Artigo 19. Procedemento de xestión	12
5. Recoñecemento e certificación	13
Artigo 20. Recoñecemento e certificación do PAT.....	13
6. Protección de datos.....	13
Artigo 21. Protección de datos de carácter persoal.....	13
7. Disposición derogatoria	13
8. Disposición transitoria	13
9. Disposición final.....	14

Exposición de motivos

O espazo europeo de educación superior propón, entre outras cuestións, un cambio na metodoloxía docente, que esta se centre, fundamentalmente, no traballo e na aprendizaxe do estudiantado, así como no desenvolvemento de competencias que o habilite para o exercicio de actividades de carácter profesional. Este cambio de metodoloxía modifica o papel do profesorado e converte o estudiantado en axente activo da súa aprendizaxe.

A esixencia dun maior traballo persoal e autónomo por parte do estudiantado crea na universidade a necesidade de ofrecer servizos de apoio, de orientación e de seguimento. O Real decreto 1791/2010¹, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario di no seu artigo 7:

Artigo 7. Dereitos comúns dos estudantes universitarios

1. Os estudantes universitarios teñen os seguintes dereitos comúns, individuais ou colectivos:

a) Ao estudo na universidade da súa elección, nos termos establecidos polo ordenamento xurídico. Así mesmo, a que as universidades promovan programas de información e orientación aos seus futuros estudantes, que favorezan a transición activa á universidade, enfocados a unha mellor integración nas súas estruturas, niveis e ámbitos de formación ao longo da vida, actividade investigadora, cultural e de responsabilidade social. Os estudantes universitarios teñen o dereito a participar no deseño, seguimento e avaliación da política universitaria.

[...]

e) Ao asesoramento e asistencia por parte de profesores, titores e servizos de atención ao estudante, de conformidade co disposto neste estatuto.

f) Á información e orientación vocacional, académica e profesional, así como ao asesoramento polas universidades sobre as actividades destas que os afecten, e, en especial, sobre actividades de extensión universitaria, aloxamento universitario, deportivas e outros ámbitos de vida saudable, e a súa transición ao mundo laboral. [...]

O capítulo V do Estatuto do estudante universitario, titulado «Das titorías», establece, no apartado 3 do artigo 19, que:

As universidades impulsarán, de acordo co establecido na normativa autonómica e das propias universidades, sistemas titoriais que integren de xeito

¹ <https://www.boe.es/eli/es/rd/2010/12/30/1791/con>

coordinado as acción de información, orientación e apoio formativo aos estudantes, desenvolvidos polo profesorado e o persoal especializado.

No primeiro apartado do dito artigo 19 indícase que o estudantado recibirá:

[...] orientación e seguimento de carácter transversal sobre a súa titulación. A devandita información atenderá, entre outros, aos seguintes aspectos: a) Obxectivos da titulación; b) Medios persoais e materiais dispoñibles; c) Estrutura e programación progresiva das ensinanzas; d) Metodoloxías docentes aplicadas; e) Procedementos e cronogramas de avaliación; f) Indicadores de calidade, tales como taxas de rendemento académico esperado e real dos estudos; taxas de incorporación laboral de egresados.

O artigo 33 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema universitario (LOSU)² define os dereitos do estudantado relativos á súa formación académica.

Concretamente, establece o seu dereito a obter recoñecemento académico e a que se favoreza a compatibilidade da súa participación en actividades universitarias de mentoría.

A UDC, no seu Plan operativo anual 2023³, menciona explicitamente «a necesidade de manter e reforzar o PAT e o programa de mentoría, cuxo principal obxectivo é asistir e orientar o estudantado no seu proceso de aprendizaxe, na súa transición para o mundo laboral e no seu desenvolvemento profesional. O PAT e a mentoría tamén buscan a prevención do abandono académico».

Por último, o Plan estratéxico da UDC 2022-2026⁴ propón o «reforzo do acompañamento/seguimento do estudantado durante a súa etapa formativa a través do PAT e a través de programas de mentoría nas diferentes titulacións».

1. Obxectivos do PAT

Artigo 1. Obxectivo principal do PAT

O principal obxectivo do PAT é asistir e orientar o estudantado no seu proceso de aprendizaxe, na súa transición ao mundo laboral e no seu desenvolvemento profesional. O PAT é unha titoría continuada no tempo que ten moita importancia no primeiro curso académico, pero que permanece durante todo o período de estudo universitario.

Artigo 2. Obxectivos do PAT

1. Facilitar o proceso de transición e de adaptación do estudantado á contorna universitaria.

² <https://www.boe.es/eli/es/lo/2023/03/22/2/con>.

³ https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2022/013011.

⁴ https://www.udc.gal/transparencia/plan_estratexico/.

2. Facilitar información, orientación e recursos para o desenvolvemento integral da persoa.
3. Axudar ao estudiantado a deseñar o seu itinerario curricular en función dos seus intereses e das súas posibilidades.
4. Colaborar na identificación das dificultades que o estudiantado atope nos seus estudos e analizar as posibles solucións. Inclúense aquí as necesidades específicas do estudiantado con discapacidade, as necesidades específicas de apoio educativo (en diante, NEAE) que poida ter calquera estudante, as do colectivo LGTBIQ+ e as das persoas deportistas universitarias da UDC.
5. Ofrecer información sobre os servizos, as axudas e os recursos dos centros e da UDC.
6. Orientar na inserción laboral e no desenvolvemento inicial da carreira profesional, en colaboración cos servizos específicos e a derivación a estes.

2. Estrutura do PAT da UDC

Artigo 3. Figuras institucionais do PAT da UDC

1. O PAT da UDC consta das figuras institucionais seguintes:
 - a. Coordinación xeral para toda a UDC.
 - b. En cada centro: coordinación, profesorado titor, profesorado titor de atención á diversidade e estudiantado titorizado.
 - c. Estudiantado mentor dunha titulación, no caso daqueles centros que teñan implantada a mentoría institucional nesa titulación.
2. A persoa coordinadora do PAT do centro pode propoñerlle á xunta de centro a creación doutras figuras, de acordo co modelo de PAT da escola/facultade, sempre que a súa denominación e funcións non entren en conflito coas das definidas nesta normativa. A xestión administrativa e o recoñecemento das figuras propostas será responsabilidade exclusiva do centro.
3. A responsabilidade da implantación e execución do PAT corresponde á dirección de cada centro da UDC.

2.1. Coordinación

Artigo 4. Coordinación xeral do PAT na UDC

1. A coordinación xeral do PAT na UDC corresponderá ao Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (en diante, CUFIE).
2. As funcións e obrigas da coordinación xeral do PAT son as seguintes:
 - a. Coordinar a organización do PAT en cada un dos centros da UDC.
 - b. Recoñecer o labor das figuras do PAT definidas nesta normativa.

- c. Fomentar a formación do persoal implicado no PAT e crear unha cultura da tutoría na UDC de que o estudiantado participe activamente.
- d. Recoller evidencias que permitan avaliar o grao de satisfacción co PAT. Por exemplo, mediante a elaboración e xestión de enquisas de cara a súa mellora.
- e. Facilitar encontros entre o persoal coordinador e titor para que manteñan unha relación fluída entre eles a través das plataformas de comunicación existentes na UDC e/ou mediante reunións presenciais nas dependencias da UDC.
- f. Divulgar o PAT dos centros, o labor que se está a desenvolver e as experiencias que se producen no contacto diario co estudiantado.
- g. Difundir a información relacionada co PAT a través das canles oficiais de comunicación da UDC.

Artigo 5. Coordinación do PAT nos centros da UDC

1. Todos os centros disporán dunha persoa coordinadora do PAT do centro.
2. Calquera docente do centro pode ser coordinador/a do PAT sempre que teña unha vinculación permanente coa UDC ou pertenza á categoría de axudante doutor/a. Excepcionalmente, no caso de que a persoa que se postule como coordinadora non cumpra estas condicións, o centro poderá solicitar autorización á vicerreitoría con competencias en organización académica. Recoméndase que sexa unha persoa cun amplo coñecemento do centro e de todas as súas titulacións.
3. As funcións e obrigas da persoa coordinadora do PAT de cada centro son estas:
 - a. Participar activamente no deseño, o seguimento e a avaliación do PAT do seu centro en colaboración co equipo de dirección e as persoas que coordinan as titulacións que se imparten nel.
 - b. Realizar todos os trámites administrativos relacionados co PAT que se reflicten no procedemento de xestión administrativa do PAT indicado no artigo 19.
 - c. Xestionar o espazo web do PAT do centro, onde se publicará toda a información que se indica no artigo 16.
 - d. Velar polo cumprimento desta normativa con respecto ás persoas que participan no PAT, especialmente no caso do estudiantado mentor.
 - e. Acoller o estudiantado que chegue ao centro e informalo sobre o PAT.
 - f. Asignarlle ao estudiantado o seu profesorado titor e o seu estudiantado mentor, de ser o caso, segundo os criterios establecidos no modelo de PAT do centro.
 - g. Dinamizar e apoiar o profesorado titor e o estudiantado mentor.
 - h. Xestionar encontros co profesorado titor para valorar o PAT do centro.

2.2. Tutoría

Artigo 6. Profesorado titor nos centros da UDC

1. Todos os centros disporán de profesorado titor do PAT con estudantado asignado.
2. Calquera docente pode realizar os labores de tutoría no seu centro.
3. Unha persoa só pode ser titora nun único centro da UDC durante un mesmo curso académico. Excepcionalmente, a persoa titora poderá solicitar á vicerreitoría con competencias en organización académica a realización dos labores de tutoría noutro centro. A solicitude deberase acompañar dunha xustificación emitida por este último.
4. Non pode haber profesorado titor sen estudantado asignado. Esta asignación tamén se pode facer de xeito grupal, por exemplo, mediante a asignación dunha persoa titora a un grupo ou a un curso concreto.
5. O labor de tutoría ten carácter voluntario, mais para o bo desenvolvemento desta función requírese compromiso e dedicación. Considérase necesario que o profesorado titor posúa un coñecemento amplo da UDC, do centro e das titulacións que se imparten nel.
6. As funcións e obrigas do profesorado titor, con respecto ao estudantado asignado, son estas:
 - a. Acoller o estudantado da UDC que lle sexa asignado.
 - b. Convocar, como mínimo, unha reunión durante o curso para dialogar co estudantado e coñecer os seus intereses e as súas necesidades. Esta reunión pode ser individual ou grupal, segundo se estableza nas bases do PAT do centro.
 - c. Establecer canles accesibles para a comunicación co estudantado titorizado.
 - d. Realizar as tutorías do PAT de xeito independente das tutorías académicas.
 - e. Ofrecer información sobre os servizos, as axudas e os recursos dos centros e da UDC.
 - f. Acompañar o estudantado no deseño do seu itinerario curricular e no desenvolvemento inicial da súa carreira profesional.
 - g. Colaborar na identificación das dificultades que o estudantado atope nos seus estudos e analizar as posibles solucións.
 - h. Asesorar o estudantado respecto das dificultades non académicas que poidan presentárselle e en canto á resolución daqueles problemas que se poidan abordar. De non ser posible, remitir o estudantado ao servizo correspondente.

- i. Comunicar ao centro os conflitos que se poidan dar entre estudiantado e profesorado.

Artigo 7. Estudiantado titorizado

1. O PAT ten carácter universal para todo o estudiantado da UDC. Cada estudante terá asignada unha persoa titora do PAT do seu centro.
 - a. O estudiantado que participe en programas de atención á diversidade terá asignada unha persoa titora de atención á diversidade do seu centro. Excepcionalmente, esta persoa tamén poderá exercer as funcións da titora do PAT.
 - b. O estudiantado que curse simultaneamente titulacións que se impartan en centros distintos terá asignada unha persoa titora do PAT en cada un dos centros.
 - c. O estudiantado que participe en programas de atención á diversidade e curse simultaneamente titulacións que se impartan en centros distintos terá asignada unha persoa titora de atención á diversidade en cada un dos centros.
2. A participación activa do estudiantado no PAT é completamente voluntaria.
3. A titorización do estudiantado comezará no primeiro curso de grao e manterase ata a finalización dos seus estudos. Recoméndase que a asignación do profesorado titor ao estudiantado titorizado se manteña ao longo da traxectoria académica deste último.
4. Recoméndase que o estudiantado titorizado participe nas reunións a que sexa convocado ou que informe no caso de non poder asistir.

2.3. Atención á diversidade

Artigo 8. Profesorado titor de atención á diversidade nos centros da UDC

1. Todos os centros disporán de profesorado titor de atención á diversidade.
2. Calquera docente pode realizar os labores de titoría de atención á diversidade no seu centro, aínda que se recomenda que este profesorado se teña formado nesta temática. Para facilitar o acceso a dita formación, este profesorado terá preferencia na formación sobre diversidade organizada polo CUFIE.
3. Unha persoa só pode ser titora de atención á diversidade nun único centro da UDC durante un mesmo curso académico.
4. O profesorado titor de atención á diversidade realiza os labores de titorización especificamente para o estudiantado que participe nalgún dos programas que desenvolve a Unidade de Atención á Diversidade (en diante, ADI).

5. Recoméndase que a mesma persoa non realice simultaneamente os labores de titoría do PAT e de titoría de atención á diversidade durante un mesmo curso académico.
6. As funcións e obrigas do profesorado titor de atención á diversidade, con respecto ao estudantado asignado que participe nalgún dos programas da ADI, son as seguintes:
 - a. Cumprir todas as funcións e obrigas do profesorado titor.
 - b. Ser a persoa responsable de aplicar a Normativa de atención á diversidade da UDC, aprobada na xuntanza do Consello de Goberno do 23 de novembro de 2016, ou as normas que a substitúan⁵.
 - c. Desenvolver todas aquelas funcións titoriais relacionadas coa atención ao estudantado con discapacidade, NEAE e do colectivo LGTBIQ+ promovidas pola ADI.
 - d. Servir de vínculo entre o propio centro, a súa comunidade (profesorado, estudantado e persoal técnico, de xestión e de administración e servizos) e a ADI, de xeito que a comunicación sexa o máis fluída posible.
7. O profesorado titor de atención á diversidade é responsable da aplicación da Normativa do/a deportista de alto nivel da Universidade da Coruña (DANUDC)⁶, aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión do 28/06/2023, ou as normas que a substitúan, con respecto á titorización das persoas deportistas universitarias da UDC.

2.4. Mentoría institucional

Artigo 9. Características da mentoría institucional do PAT da UDC

1. A mentoría institucional do PAT da UDC enténdese como unha relación estruturada e de confianza que se establece entre estudantado con experiencia (ou estudantado mentor) e estudantado de recente incorporación (ou estudantado mentorizado). O estudantado mentorizado recibe orientación e apoio por parte do estudantado mentor, de xeito que se xeran conexións significativas que melloran as súas perspectivas académicas e persoais.
2. Os centros poden reforzar o PAT coa implantación da mentoría institucional nas titulacións oficiais de grao da UDC.

Artigo 10. Estudantado mentor das titulacións de grao da UDC

1. Os requisitos que ten que cumprir obrigatoriamente o estudantado que queira realizar os labores de mentoría institucional nunha titulación de grao da UDC están

⁵ https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2016/001293

⁶ https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2023/007732

- definidos na Resolución reitoral pola que se establecen as actividades polas que se recoñecen créditos nos estudos de grao, pola participación en actividades universitarias de cooperación, solidarias, culturais, deportivas, e de representación estudantil⁷, ou polas resolucións, disposicións ou normas que a substitúan.
2. O recoñecemento dos labores de mentoría institucional farase para cada cuadrimestre de acordo coa Resolución reitoral a que se refire a alínea 1 deste mesmo artigo, ou polas resolucións, disposicións ou normas que a substitúan.
 3. O estudantado mentorizado non poderá ter máis dunha persoa mentora asignada de forma simultánea, excepto se cursa a un tempo titulacións que se impartan en diferentes centros, caso en que poderá ter asignada unha persoa mentora en cada un deles.
 4. As funcións e obrigas do estudantado mentor son as seguintes:
 - a. Acompañar o estudantado na súa incorporación á vida universitaria.
 - b. Comprometerse co labor da mentoría institucional e participar nas accións formativas que para este fin se propoñan na UDC.
 - c. Manter contacto regular co estudantado asignado a través das plataformas de comunicación oficiais da UDC.
 - d. Manter cando menos unha xuntanza co estudantado mentorizado ao principio e ao final de cada cuadrimestre.
 - e. Asistir ás reunións programadas desde a coordinación do PAT do seu centro e/ou da UDC.

3. Implantación do PAT nos centros

Artigo 11. PAT dos centros

1. Todos os centros da UDC deberán contar cun PAT conforme a esta normativa e aprobado pola xunta de centro. Non será necesario aprobalo todos os anos, soamente cando se propoña algunha modificación.
2. O PAT dos centros estará dispoñible publicamente nas súas webs.
3. Os contidos mínimos do PAT de cada centro son estes:
 - a. Criterios de selección do profesorado titor.
 - b. Criterios de selección do estudantado mentor, no caso de estar implantada a mentoría institucional.
 - c. Especificación das titulacións en que se implanta a mentoría institucional, de ser o caso.
 - d. Especificación do modelo de titoría e de mentoría institucional que se implanta, de ser o caso. Indicaranse as formas preferidas de contacto, o

⁷ https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2023/012426

número mínimo de reunións para levar a cabo e se as titorías se realizarán de xeito grupal e/ou individual, así como os mecanismos de presentación e divulgación do PAT no centro.

Artigo 12. Calendario de actividades

O calendario de actividades do PAT, que non forma parte dos contidos aos que se refire o artigo 11, estará dispoñible publicamente na web do centro. Debe incluír, como mínimo, unha sesión de benvinda ao estudantado.

Artigo 13. Elementos institucionais do PAT da UDC

1. O PAT da UDC conta cos elementos institucionais seguintes: titoría (individual e/ou en grupo), titoría de atención á diversidade e mentoría institucional (individual e/ou en grupo).
2. Os centros poden definir no seu PAT outros elementos distintos, sempre que a súa denominación e as súas funcións non entren en conflito coas dos establecidos no punto 1. A xestión e o recoñecemento destes elementos será responsabilidade exclusiva de cada centro.

Artigo 14. Implantación da titoría e da titoría de atención á diversidade

1. Con respecto ao PAT, todos os centros da UDC disporán destes compoñentes:
 - a) Unha persoa coordinadora do PAT do centro nomeada pola dirección ou o decanato. De non existir esta figura no centro ou estar ausente temporalmente, as súas funcións e obrigas recaerán transitoriamente na persoa que dirixa o centro ou en quen esta delegue.
 - b) Profesorado titor para realizar os labores de titoría, nomeado pola dirección do centro entre o seu profesorado, con estudantado asignado. No caso de ausencia temporal do profesorado titor ou de non haber persoal suficiente, o centro deberá nomealo o antes posible. Excepcionalmente, poderase solicitar á vicerreitoría competente en materia de organización académica a participación de profesorado doutros centros (artigo 6).
 - c) Profesorado titor de atención á diversidade, nomeado pola persoa que dirixa o centro entre o seu profesorado. De non existir esta figura ou estar ausente temporalmente, as súas funcións e obrigas recaerán transitoriamente na persoa que dirixa o centro ou persoa en quen esta delegue (artigo 8).
 - d) Un PAT en vigor (artigo 11).
2. Calquera docente pode realizar os labores de coordinación do PAT no seu centro sempre que teña vinculación permanente coa UDC ou pertenza á categoría de axudante doutor/a. Excepcionalmente, no caso de que a persoa que se postula como coordinadora non cumpra estas condicións, o centro poderá solicitar

autorización á vicerreitoría con competencias en organización académica.

Recoméndase que sexa unha persoa cun amplo coñecemento do centro e de todas as súas titulacións (artigo 5).

3. Calquera docente pode realizar os labores de tutoría no seu centro (artigo 6).
4. Calquera docente pode realizar os labores de tutoría de atención á diversidade no seu centro (artigo 6). Non se recomenda que a mesma persoa realice simultaneamente as funcións de tutoría e de tutoría de atención á diversidade.
5. Cada membro do estudantado debe ter unha persoa titora do PAT de referencia na UDC, con independencia do profesorado que interveña no proceso da tutoría. No caso do estudantado que participe en programas de atención á diversidade, as funcións de tutoría poderán ser levadas a cabo pola persoa titora de atención á diversidade e/ou pola persoa titora de PAT de referencia, polo que non é imprescindible que teña asignada esta última. O estudantado que curse simultaneamente titulacións que se impartan en centros distintos terá asignada unha persoa titora do PAT de referencia e unha persoa titora de atención á diversidade de referencia, de ser o caso, en cada un dos centros (artigo 7).
6. Non pode haber profesorado titor sen estudantado asignado (artigo 6).
7. Para cada titulación da UDC, non pode haber máis profesorado titor do PAT que estudantado matriculado nin máis profesorado titor de atención á diversidade que estudantado que participe en programas de atención á diversidade.
8. Para cada centro e ao inicio de cada cuadrimestre, a ADI asignará o estudantado que estea nalgún dos seus programas ás persoas titoras de atención á diversidade do centro.

Artigo 15. Implantación da mentoría institucional

1. A implantación da mentoría institucional nun centro é completamente opcional, pero de se implantar, deberá especificarse no PAT da escola/facultade para cada unha das titulacións de grao en que se vaia desenvolver.
2. A mentoría institucional só se pode implantar nas titulacións oficiais de grao da UDC.
3. De implantarse a mentoría institucional nun centro, non é obrigatorio poñela en marcha en todas as titulacións. Tampouco é obrigatorio que todas as titulacións dun centro con mentoría sigan o mesmo modelo.
4. Unha persoa soamente poderá realizar o labor de mentoría institucional, para cada cuadrimestre, nas titulacións de grao do seu centro (ou centros, no caso do estudantado con estudos simultáneos en diferentes centros).
5. Cada persoa estudante mentorizada terá asignada unha persoa mentora como máximo por cuadrimestre. O estudantado que curse simultaneamente titulacións que se impartan en diferentes centros poderá ter asignada unha persoa mentora en

cada un deles (artigo 10). No caso dos graos abertos, poderá realizar actividades de mentoría institucional o estudantado que estivese matriculado no primeiro curso dese grao aberto.

Artigo 16. Espazo web do PAT do centro

Todos os centros da UDC deberán contar cun espazo web, accesible só para a comunidade universitaria, coa seguinte información:

- a. PAT, coa data da súa aprobación pola xunta de centro.
- b. Persoa coordinadora do PAT do centro ou substituta en caso de ausencia temporal daquela.
- c. Listaxe de persoas titoras do PAT.
- d. Listaxe de persoas titoras de atención á diversidade.
- e. Elementos do PAT implantados no centro.
- f. Calendario de actividades do PAT.

Artigo 17. Información accesible para o estudantado

O estudantado do centro deberá coñecer, en todo momento, a seguinte información:

- a. Persoa titora de referencia e forma de contacto.
- b. No caso do estudantado que participe en programas de atención á diversidade: persoa titora de atención á diversidade de referencia e forma de contacto. Esta información seralle proporcionada pola ADI ao estudantado a que lle corresponda esta titoría.
- c. No caso de pertencer ao estudantado dunha titulación con mentoría institucional: persoa mentora asignada e forma de contacto.

Artigo 18. Obrigas dos centros

1. Manter o PAT actualizado e envialo, xunto con todos os cambios, ao CUFIE.
2. Divulgar e difundir o PAT entre o estudantado.
3. Facilitar a elaboración e implantación do PAT, así como proporcionarlle os recursos necesarios á persoa coordinadora do PAT do centro para que poida levar a cabo as súas tarefas en coordinación co equipo de dirección.

4. Xestión do PAT

Artigo 19. Procedemento de xestión

O CUFIE, como coordinador xeral do PAT da UDC, definirá o procedemento de xestión administrativa dos PAT de cada centro, que estará dispoñible na web do CUFIE con antelación suficiente para a súa aplicación.

5. Recoñecemento e certificación

Artigo 20. Recoñecemento e certificación do PAT

1. A vicerreitoría con competencias en organización docente, a través do CUFIE, recoñecerá exclusivamente as figuras institucionais do PAT definidas nesta normativa: persoa coordinadora de centro, profesorado titor, profesorado titor de atención á diversidade e estudiantado mentor.
2. Adicionalmente, os centros poderán recoñecer outras figuras que definan internamente.
3. Os recoñecementos expediranse despois de finalizar o curso académico segundo se estableza no procedemento de xestión, excepto a mentoría institucional, que se recoñecerá despois de cada cuadrimestre. Non se recoñecerá a participación no PAT no caso de que no centro non se siga o procedemento de xestión.

6. Protección de datos

Artigo 21. Protección de datos de carácter persoal

A UDC, como responsable do tratamento dos datos persoais necesarios para a execución do PAT, cumprirá as previsións establecidas na normativa de protección de datos que lle é de cumprimento: Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPDP); Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e Normativa xeral de protección de datos da UDC. O tratamento dos datos do estudiantado titorizado ten como base o interese público derivado da prestación do servizo público de educación superior de acordo cos artigos 2 e 33 da LOSU, e o artigo 6.1.e do RXPDP. O tratamento de datos do profesorado e do estudiantado mentor, para os efectos da xestión do PAT, terá como base o seu consentimento, de acordo co artigo 6.1.a do RXPDP.

7. Disposición derrogatoria

Derróganse todas as regulacións, instrucións etc. referidas ao PAT con anterioridade á data de publicación desta normativa.

8. Disposición transitoria

1. Todos os proxectos de PAT serán válidos durante o curso 2023/24 mentres non se aproben os PAT que os substitúan. Isto tamén é de aplicación á implantación do PAT recollida tanto no artigo 14 como no artigo 15 desta normativa.
2. Os trámites administrativos levaranse a cabo segundo o procedemento de xestión a que se refire o artigo 19 desta normativa, que se implantará no curso 2023/24.

9. Disposición final

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación na Sede Electrónica da UDC.